


- 1- Regato Outeiro
- 2- Cruce Outeiro - O Pino
- 3- Cruce Os Vesteiros
- 4- Camiño que sae do pazo
- 5- Paseo da Marquesa
- 6- Paseo da Marquesa



Dist. tramo principal: 3,418 km  
 Dist. 3 tramos: 4,5 km  
 Altura máxima: 374 mt.  
 Altura mínima: 299 mt.  
 Pendente máxima: 14,75 %  
 Pendente mínima (baixada): -11,21 %

Valoración Mide (Método de información de excursións)

Medio

1 | 2 | 3 | 4 | 5

Itinerario

1 | 2 | 3 | 4 | 5

Desprazamento

1 | 2 | 3 | 4 | 5

Esfuerzo


1 | 2 | 3 | 4 | 5

## 1.INTRODUCCIÓN

A "Ruta da Marquesa" discorre polas parroquias de Arca e O Pino, trazando un percorrido que une o Camiño Francés a Santiago coa Vía Romana XIX.

Esta ruta pretende ser unha invitación ó coñecemento desta zona, poñendo en valor os elementos máis singulares que se atopan entre as dúas rutas históricas que pasan por este municipio, a Vía Romana XIX e o Camiño de Santiago. Estas dúas rutas únense pasando por unha paraxe de gran beleza que visita elementos patrimoniais de gran importancia como é o Pazo de Bermás e a magnífica paraxe que rodea a esta impresionante construción.

Cabe sinalar que O Pino é o municipio galego que percorrido por máis quilómetros do Camiño Francés, concretamente 18, polo que discorren anualmente milleiros de peregrinos e peregrinas.





## Rutas

Para describir as rutas, empregaremos criterios estándar de catalogación e deseño de rutas, para facilitar aos lectores do proxecto a interpretación da mesma e darlle un contido internacionalmente recoñecido.

Empregaranse os criterios terminolóxicos da Federación Española de Montaña e Escalada (FEDME), da Federación Galega de Montañismo e do Método de Información De Excursións (MIDE) para a determinación dos parámetros principais de clasificación da ruta.

O sistema MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dun percorrido. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das sendas. A valoración faise de 1 a 5 puntos tendo en conta os seguintes criterios:

### Severidade do medio natural

Exento de riscos.

Hai máis dun factor de risco na ruta.

Varios factores de risco.

Bastantes factores de risco.

Moitos factores de risco.



Por outra banda, un dos documentos máis importantes do Imperio Romano é o famoso Itinerario de Antonino, un documento que recolle as 372 vías mais importantes que se estendían dende Roma ata os puntos máis afastados do territorio coñecido, entre eles Gallaecia.

Polo Concello de O Pino discorre a Vía Romana XIX, un deses itinerarios recollidos por Antonino, que atravesa o municipio polas parroquias de San Miguel de Pereira, Castrofeito, O Pino e Gonzar.

## 2. DESCRICIÓN DO TRAZADO

O sendeiro da "Ruta da Marquesa" está discorre polas parroquias de Arca e O Pino. Comeza no cruce da estrada N-547 no lugar de A Rúa, por onde discorre o Camiño de Santiago, ata chegar á estrada N-634 que vai a Curtis, por onde pasa a Vía Romana XIX.



Para chegar a este lugar, dende Santiago de Compostela, cóllese a N-547 dirección Arzúa que leva ata Arca- Pedrouzo. Neste lugar á altura do lugar de A Rúa atópase un camiño á man esquerda.

Comezamos o noso camiño no lugar de A Rúa, a ruta continúa polos lugares de O Outeiro, Bermás e remata no lugar de A Toxeira, na súa unión coa Vía Romana XIX.

Este sendeiro forma unha ruta lineal de aproximadamente uns catro quilómetros e medio. A ruta pode realizarse a pé, a cabalo ou ben en bicicleta. O tempo aproximado de duración do percorrido é dunha hora e media aproximadamente a pé..

A dificultade do mesmo pode considerarse baixa, dado que o terreo polo que se segue, conta cun relevo moi suave, sen contar apenas con pendente.



O nome da "Ruta da Marquesa" procede do nome popular co que se coñece o Pazo do Marqués de Montesacro, así como a zona do fermoso paseo de carballos que existe no entorno desa fermosa construción.



## Orientación no itinerario

Camiños e cruzamentos ben definidos.

Existe traza clara de camiño e sinalizacións.

Esixe a identificación de accidentes xeográficos e puntos cardinais.

Non existe traza sobre o terreo nin seguridade de contar con puntos de referencia.

O itinerario está interrompido por obstáculos que hai que bordear.



## Dificultade no desprazamento

Marcha por superficie lisa.

Camiños con diversos firmes.

Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares.

É preciso o uso das mans ou saltos sobre o terreo.

Require o uso das mans para a progresión.

## Cantidade de esforzo necesario

Ata 1 hora de marcha

De 1-3 horas de marcha

De 3-6 horas de marcha

De 6-10 horas de marcha

Máis de 10 horas de marcha

## PUNTOS DE INTERESE NATURAL

- **PASEO DE CARBALLOS DO PAZO DE BERMÁS (Montesacro).**

Impresionante paseo entre carballos, colocados linealmente a ambos lados do sendeiro. Pertencen ó propietario do Pazo de Bermás.

- **REGATO DO OUTEIRO.**

No lugar do Outeiro crúzase un pequeno regato de gran beleza.

## PUNTOS DE INTERESE PATRIMONIAL

- **PAZO DE BERMÁS (Montesacro).**

Edificio de estilo barroco de planta en forma de U moi aberta. É un conxunto formado nunha grande finca con casa-pazo, hórreo moi longo, outo e graneira-palleira. Neste pazo sitúase o maior cedro de Galicia con 18 metros de altura e 90 cm de diámetro na base do tronco. Resulta asombrosa a visión da súa copa que se deixa ver ó longo de máis de 100 metros á redonda. Hoxe en día



esta construción fidalga é propiedade de D. Manuel Alonso Martínez.


- **VÍA ROMANA XIX.**
- **CAMIÑO FRANCÉS A SANTIAGO.**

## DESCRICIÓN DEL RECORRIDO

A Ruta da Marquesa comeza na aldea de A Rúa. A ruta iníciase por un camiño forestal situado á esquerda da estrada nacional N-547 dirección Arzúa, ó seu paso polo lugar de A Rúa. Este sendeiro leva ata o Regato do Outeiro.

Tras cruzar este rego, séguese polo mesmo camiño ata chegar a unha pequena pista asfaltada, onde se colle á esquerda ata chegar a un cruce, coñecido como Cruce dos Vesteiros.

Dende o cruce dos Vesteiros, cóllese un camiño forestal, entre fincas, que leva ata outra pista entre masas forestais de gran beleza.



Collendo pola senda que segue á esquerda accedemos a un ramal entre fincas que leva ata as proximidades do Pazo do Marqués de Montesacro. O último tramo deste camiño é de impresionante beleza.



Chégase o Pazo do Marqués de Montesacro, que aínda que se trata dunha propiedade privada e non visitable, dende o exterior pode observarse o seu fermoso escudo e o muro de peche que representa a magnitude da impresionante construción que agocha no seu interior.

Dende o portalón do Pazo continúase por un camiño que existe nas inmediacións do mesmo, un fermoso paseo que a ambos lados ten plantados en liña carballos de gran porte.

A ruta segue por este percorrido ó longo de quilómetro e medio ata desembocar xunto á estrada N-634 que vai a Curtis, por onde pasa a Vía Romana XIX.

Para máis información, como mapas de la ruta, descarga de trazados para el gps, waypoints, etc., visite:

[www.patrimoniodeopino.es](http://www.patrimoniodeopino.es)

